

Programa

1ª PARTE

AIRES GALLEGOS DE JUAN MONTES

OCTOBER DE ERIC WHITACRE

FANTASÍA SOBRE TRES TEMAS GALEGOS
DE SIMÓN COUCEIRO

- CAMARIÑAS
- O MIUDIÑO
- O CANDIL

2ª PARTE

FESTIVOLES DE RAFAEL TALÉNS

A BATALLA DE MATALOBOS
DE SIMÓN COUCEIRO
- 5 ESCENAS DE GUERRA

Colaboracións:

Comisión Sta. Eulalia de Matalobos e
Escola Municipal de Artes Escénicas
de A Estrada.



Concerto

PALACIO DA ÓPERA

24 de marzo de 2019
12.15 horas

DIRECTOR TITULAR
JUANJO OCÓN

Vindeiros Concertos

11 DE ABRIL

NO TEATRO COLÓN ÁS 20.00 H.

9 DE MAIO

NO TEATRO ROSALÍA ÁS 20.00 H.

12 DE MAIO

NO PALACIO DA ÓPERA ÁS 12.15 H.

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante
correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



CORUÑA
>PRÓXIMA

Curriculum Simón Couceiro

Nace en Santiago de Compostela en 1973. Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio de Música da Estrada, trasladándose posteriormente ao Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela para comezar os estudos de clarinete.

En 1991 trasládase ao Conservatorio Superior de Música da Coruña e ingresa como voluntario na Banda de Música do Goberno Militar da Coruña.

Foi convidado a dirixir diferentes bandas de música de Galicia e impartido clases na Escola de Música da Banda Xuvenil de Barro, Escola Municipal de Música de Padrón, Conservatorio Profesional de Música de Lalín e na Escola Municipal de Música de Negreira, así como cursos nas Escolas de Música de Caldas de Reis, Padrón e Merza-Vila de Cruces.

Desde o ano 2004 e ata o ano 2008 estuda na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e colabora como clarinetista co compositor Manuel Riveiro en diferentes bandas sonoras (cine, teatro e televisión).

Como compositor escribiu diferentes obras encargadas para certames e por diferentes bandas de música, solistas, grupos de cámara e orquestra.

No ano 2007 obtén o Premio de Música de Cámara Andrés Segovia-José Miguel Ruiz Morales e, en 2011, o Premio de Musicología Andrés Segovia-José Miguel Ruiz Morales nos Cursos Universitarios Internacionais de Música Española Música en Compostela.

Actualmente é mestre por oposición da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

NOTAS AO PROGRAMA

FANTASÍA SOBRE TRES TEMAS GALEGOS

A Fantasía sobre tres temas galegos foi estreada pola Banda de Música de Pontevedra baixo a dirección do mestre Juan Lois Diéguez o 14 de xuño de 2013. Nesta obra o autor utiliza tres temas populares galegos como son Camariñas, O Miudiño e O candil.

Estes temas son tratados en forma rapsódica e como unha fantasía cómica, sendo a voz substituída polas cores instrumentais da banda a excepción do Miudiño, onde se presentará utilizando a voz pechada.

A BATALLA DE MATALOBOS

A batalla de Matalobos describe cinco escenas imaxinarias da época das revolucións que se desataron na península. A parroquia de Matalobos, na Estrada (Pontevedra), foi lugar de paso das tropas francesas e a elas enfrontáronse os seus veciños e outras xentes que quixeron defender a causa.

Como cita no seu libro Pedro Varela Castro (1923): -límitémonos a consignar que o citado día 5 de Marzo de 1809, foi tal a carnizaría en Matalobos que, segundo deixou escrito o párroco daquela data, “por non caber os cadáveres dentro da Igrexa houbo necesidade de enterrar fóra os de dous descoñecidos que se pensa que eran de Tabeirós”. Cóntase que os franceses ao pasar pola Cruz, camiño de Cuntis, colocaron a súa bandeira nun alto, pero os de Matalobos substituírona decontado pola nosa; feito que deu orixe aos sucesos sangrentos de que se fixo mención: aquelas pobres xentes sentiron bulir nos seus peitos o amor patrio, pero por carecer completamente de armas foron asasinados sen defensa-.

A obra empeza lembrándonos uns ritmos militares afastados.-Entrada- onde as frautas e o frautín fan unha pequena melodía e as trompas interpretan brevemente o leitmotiv do himno francés. Desvanecidos os ritmos, o carácter cambia e sitúanos no segundo movemento **-Danza e marcha campes- tre-**. Os veciños, alleos ao perigo, traballan e coidan sen descanso as súas propiedades. O traballo e o baile complementáanse neste movemento cunha xota e unha marcha que se verán sorprendidas polas tristes noticias que están a chegar doutras comarcas.

-Oda aos valentes campesiños- é a homenaxe ás persoas que morreron nos enfrontamentos contra os franceses. As campás alertan e preveñen do perigo que se desenvolverá no cuarto movemento -A batalla-. As tropas avanza cantando o seu himno: “Marchemos, fillos da Patria, que chegou o día da gloria”. Os veciños, xa en plena batalla con tixolas e apeiros en man, fanse oír nos ritmos esporádicos de muiñeira e os soldados van demostrando o seu poderío e impoñen a súa melodía con pequenas chiscadelas ao himno francés. De novo as campás, no medio da guerra, soan para alertar a máis veciños e a cantos pasan polo lugar.

A batalla acaba no quinto movemento **-O final da batalla-** onde os valentes aldeáns caen derrotados. As tropas francesas se senten orgullosas e avanza con xúbilo deixando atrás Alto da Cruz, un lugar simbólico para os veciños e veciñas de Matalobos.

LETRAS

(Fantasía sobre tres temas galegos)

CAMARIÑAS

Ao pasar por Camariñas
por Camariñas, pasei cantando (Bis)
As nenas de Camariñas
quedan no río, quedan lavando (Bis)
Camariñas, Camariñas
ai que xa me vas, camariñando (Bis)
Por unha de Camariñas
vivo no mundo, vivo penando (Bis)

O MIUDIÑO

Éche un andar miudiño
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño,
o que eu traio. (Bis)
Éche un andar miudiño
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño,
o que eu traio.
Que eu traio unha borracheira
de viño, que auga non bebo.
Mira Maruxiña,
mira como veño.

O CANDIL

Pasei por la túa porta
E mirei polo cerrollo
A ladra da túa nai
Meteume un pau por un ollo
Meteume un pau por un ollo
Ailelelo, ailelelo
Apaga o candil Marica chús, chús
Apaga o candil que ten moita lus
Que ten moita lus moita claridá
Apaga o candil e achégate alá (Bis)